

## ACTO DA ASOCIACIÓN DE ESCRITOR@S EN GALEGO

# Lectura de poemas no panteón de galegos ilustres para homenaxear a Rosalía

24.02.2013

SANTIAGO. EP

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) sumouse este domingo ás celebracións do Día de Rosalía, no que se conmemora o 176 aniversario do nacemento da autora, cun recital poético que correu a cargo de diferentes escritoras como Marilar Aleixandre, Teresa Moure ou Pilar García Negro.

O Panteón de Galegos Ilustres, no que repousan os restos de Rosalía, foi o lugar elixido para a lectura de poemas de 'Cantares Gallegos, nun acto no que a música correu a cargo da Coral da Asociación Cultural e Musical de Solfa interpretou pezas rosalianas como 'Negra sombra' ou 'Campás de Bastabales'.

A lectura de poemas rosalianos foi o seguinte: Marilar Aleixandre ('Non che teño medo moucho'), Marta Dacosta ('Eu cantar, cantar, cantei,'), Alicia Fernández ('Miña Santiña, miña Santasa,'),

Pilar García Negro ('Campás de Bastabales'), Inma López Silva (A xustiza pola man'), Teresa Moure ('Santo antonio bendito Antonio Bendito'),

Mercedes Queixas ('Nasín cando ás prantas nasen'), Helena Villar Janeiro ('Quen non xime").

Así, tras a ofrenda floral a Rosalía, o Grupo de Gaitas Carapaus interpretou o Himno Galego co que finalizou este acto no Panteón.